

## **Proposta de investigación individual para que o alumnado de 4º de ESO ou de Bacharelato elabore a historia da súa familia.**

### **OBXECTIVOS.**

1º. Elaboración da árbore familiar combinando a memoria oral cos datos das lousas do panteón familiar e, sobre todo, dos libros de nacementos e defuncións da freguesía que corresponda, para situar cronolóxicamente ás persoas da familia.

2º. Consulta de, polo menos, 3 censos ou padróns municipais de habitantes no arquivo do Concello, cun mínimo de 20 anos de diferenza entre cada un deles, para reconstruír a evolución da familia materna e da paterna dende 1890/1900 ata 1950/70, establecendo o número de membros, o xénero e a idade de cada un deles en cada momento observado, a súa extracción socioeconómica e profesional, o grao de alfabetización e o destino migratorio ou o retorno deles.

3. Análise e vaciado da documentación familiar: cartas, fotos, libros de contas, etc.

4. Contacto cos parentes emigrados para recuperar a memoria oral e documental que conserven a través do correo electrónico ou convencional.

Finalmente, presentarase un informe no que, entre outros, se especifiquen os seguintes campos:

1. Fontes analizadas: descrición e crítica das mesmas.
2. Métodos de investigación empregados e obxectivos pretendidos.
3. Os resultados: a historia dunha familia na Historia do século XX.
4. Conclusións: obxectivos acadados, novas hipóteses e propostas.
5. Bibliografía utilizada.

### **Aclaracións:**

- O informe terá de 15 a 25 páxinas (formato A 4, letra arial ou times 12 puntos para o corpo do texto e 10 para as notas a rodapé) incluíndo os posibles anexos documentais, a efectos de facilitar a súa publicación nalguna revista especializada no caso de que o autor (que é o alumno que o realizou) desexe facelo despois de efectuadas as correccións indicadas polo profesor encargado da materia.

- A avaliación será de proceso, considerando a aplicación da metodoloxía explicada con independencia dos resultados concretos acadados.

## **Protocolo metodolóxico para elaborar unha historia de familia.**

### **Métodos de traballo.**

1. Recoller en soporte de audio ou en notas de campo as **lembranzas orais dos avós** sobre a súa trayectoria vital e a historia familiar.
2. Procurar as **fotos** máis significativas da “historia da propia familia”. Fotocopialas e anotar quen son as persoas que aparecen nela, onde se fixeron esas fotos e con que motivos (ver anexo 1).
3. Procurar **cartas enviadas polos familiares emigrados ou no exército/na guerra civil**, explicando na libreta quen eran, onde estaban, por qué motivos e durante canto tempo.
4. Elaborar unha representación gráfica da familia en forma de árbore [ver proposta no anexo 2], e sintetizar os datos cuantitativos e cualitativos nas fichas correspondentes [ver anexos 3 e 4].
5. Presentar o informe final escrito cos anexos documentais que se estime oportuno **antes do venres 1 de xuño de 2007.**

### **Temas** a tratar ao longo da entrevista en profundidade

#### 1. A FAMILIA DE ORIXE.

##### 1.1 A **nai**.

- a) Nome e apelidos da nai:
- b) Aldea e parroquia de orixe:
- c) Oficio que tiña e traballos que realizaba.
- d) ¿Cantos fillos tivo?.
- e) Os irmáns ou o pai dela emigraron?, ¿a que país e cando?.
- f) ¿De que vivían na familia da nai: terras, gandos, negocios?.

##### 1.2. O **pai**.

- a) Nome e apelidos do pai
- b) Aldea e parroquia de orixe:
- c) Oficio ou traballos que desenvolvía o pai.

d) ¿cantos fillos tivo?.

f) Os irmáns ou o pai do seu pai emigraron?, ¿cando e a que país marcharon?.

G9 ¿De que vivían na familia do seu pai: terras, gandos, negocios?.

### 1. 3. Os irmáns.

a) ¿Cantos irmáns foron vostedes? [escriba o nome de cada un e o ano no que naceron, dendeo máis vello ata o máis novo].

b) ¿Cantas persoas vivían na casa familiar dos seus pais?

c) Explique os oficios e os traballos dos irmáns homes e das que foron mulleres.

d) ¿Os seus irmáns emigraron?, ¿cando e a que países?

e) ¿Por qué escolleron eses países para emigrar?

f) ¿Xa tiñan tíos ou outros familiares emigrados neses países?.

g) ¿Esas persoas axudáronlles a atopar emprego alá?.

h) ¿Que traballos realizaron os seus irmáns na emigración?.

i) ¿Os seus irmáns volveron da emigración ou quedaron alá?.

j) ¿Marcharon solteiros ou casaron alá?.

k) ¿De onde era a persoa coa que casaron?.

l) ¿Enviaron fotos, cartas e diñeiro para a familia de orixe?.

m) ¿En que investiron o diñeiro que aforraron e o que enviaron para a familia dacá?.

n) ¿Algunha das súas irmáns marchou “servir”?.

o) ¿Para onde marchou e a que idade?.

p) ¿Canto tempo estivo servindo de criada?

### 2. A INFANCIA:

a) ¿Cómo era a súa escola: que aprendían, os libros, a relación cos mestres.

b) Os traballos dos nenos na casa e nas veigas.

c) As relacións cos pais, avós, irmáns e demais parentes.

d) Os xogos da infancia: expliquen a que xogaban e como.

### 3. A MOCIDADE:

a. A procura de oficio e os traballos que desempeñaron.

b. Os noivados: a escolla da parella e o matrimonio.

4. A VIDA ADULTA:

- a. Os traballos das mulleres na casa e na explotación agrogandeira.
- b. Noras e sogras: a convivencia interxeracional nas casas petruciais de familias extensas.
- c. A emigración dalgúns membros da casa: a escolla do destino e das persoas que marchaban.

5. A lembranza da traxedia: fuxidos, exiliados, mobilizados e represaliados da comarca durante a GUERRA CIVIL.

6. Outros traballos das mulleres:

- a. Lavadeiras e criadas de servir.
- b. Panadeiras e hospedeiras de mantidos.
- c. Empregadas domésticas en casas vilegas.
- d. Estraperlistas nos “anos da fame”.

Anexo 1. FICHA PARA A RECUPERACIÓN DE FOTOGRAFÍA FAMILIAR:

Nome e apelidos do dono da fotografía:

Enderezo:

Nome e apelidos do alumn@ que a trouxo:

Enderezo:

Grupo e curso:

Relación do alumn@ co dono da foto:

Fotógrafo, lugar e data nos que se fixo a foto:

**ESPAZO PARA SITUAR**

**A FOTO ORIXINAL**

**e FOTOCOPIALA**

DESCRIPCIÓN DAS PERSOAS QUE APARECEN NA FOTO:

1.- ¿Quen son as persoas que aparecen na foto? ¿Que fan e que relación había entre elas?

2.- ¿Con que motivo se fixo esta foto?.

3.- ¿Emigraron os que aparecen nesta foto: a que país?.

4. ¿Enviaron cartas con estas fotografías? ¿Conservan esas cartas? [en caso afirmativo pedilas para fotocopialas].<sup>1</sup>


Outras OBSERVACIÓNS:

---

<sup>1</sup> Explicar ás persoas entrevistadas que é moi importante dispor de copias das fotos e da CORRESPONDENCIA entre os familiares emigrados e os da casa porque son o mellor documento para estudar os proxectos de vida desa familia e o desenvolvemento dos mesmos dende a perspectiva dos protagonistas.

## Anexo 2: modelo de representación gráfica de familia

[Nota: incluir sempre: oficio ou actividades, destino no caso de emigraren e axuda entre eles mediante flechas con vector indicando ao receptor da mesma].



Anexo 3: A FAMILIA DE ORIXE DE ..... en ..... (parroquia): .....					
FAMILIAR	POBO	PARROQUIA	OFICIO ou ADICACIÓN	Nº de IRMÁNS	EMIGROU ¿Datas e país?
AVÓ PATERNO					
AVÓA PATERNA					
AVÓ MATERNO					
AVÓA MATERNA					
PAI: do entrevistado					
NAI: do entrevistado					
ENTREVISTADO: AV@ VOS@					
MARIDO / ESPOSA: do entrevistado					
FILLO 1º: do entrevistado					
FILLO 2º: do entrevistado					
FILLO 3º: do entrevistado					
Fillo 4º: do entrevistado					



FICHA DE LOCALIZACIÓN DE FAMILIAS CON EMIGRADOS E RETORNADOS EN .....

1. NOME E APELIDOS DO INFORMANTE:

2.- ENDEREZO NO QUE RESIDE E TLFNO. DE CONTACTO:

3. LOCALIZACIÓN DE PERSOAS CON FAMILIARES EMIGRADOS						
DATOS DOS FAMILIARES DO INFORMANTE EMIGRADOS					¿CONSERVAN CARTAS REMITIDAS POLO FAMILIAR EMIGRADO	
NOME E APELIDOS	PARENTESCO	IDADE	PAÍS DE DESTINO	TEMPO DE AUSENCIA	CARTAS: CANTIDADE APROXIMADA E DATAS	FOTOS

4.- ¿EMIGROU EL?: CANDO PODE RECIBIRNOS PARA CONTARNOS AS SÚAS LEMBRANZAS.

OBSERVACIÓNS: (Anótese acá todo o relacionado coa persoa entrevistada e os datos de relevancia que posue con especial atención ás preguntas que figuran na ficha temática anterior.